

Platón

Época clásica.

Época clássica. Platón (427 a.C. - 347 a.C.)

Período
Cosmológico

- Século VI a.C.
- Os presocráticos (*physis, arché*)

Período
Antropológico


- Século V a.C.
- Sócrates e os sofistas (relativismo vs universalismo & intelectualismo)

Período
Ontológico -
Sistemático

- **Século V - IV a.C**
- **Platón e Aristóteles** (estudo da realidade)

A filosofía. Repaso.

- Século VI a.C. (paso do *mito ao logos*)
- O termo *filosofía* vai incluír todas as ciencias ata o século XIX.
- A escisión se produce polo avance de cada ciencia o que facía a filosofía inabarcable.



Estrutura da filosofía




Platón. Selectividade

- Filosofía teórica:
 - Cosmos
 - Realidade e coñecemento (do mito ao logos).
- Filosofía práctica
 - Ética
 - Política.



Época clásica. Platón (427 a.C. - 347 a.C.)

- Naceu no ano 427 a. C. en Atenas co nome de Aristocles (*Platón* era um mote).
- De familia aristocrática (emparentado com figuras como Solón, Cedro ou Critias)
- Discípulo de Sócrates desde os 20 anos.
- A tiranía dos 30 e a condena a Sócrates fixo que se alonxase da política → A filosofía único medio puidese reinar a xustiza nunha comunidade humana.
- Despois da morte de Sócrates acometeu numerosos viaxes:
 - A Megara, onde foi hóspede de Euclides.
 - Creta, Exipto e Cirene
 - No ano 388 a. C., dirixiuse a Tarento e Sicilia, onde coñeceu as comunidades pitagóricas.
 - Dionisio I, tirano de Siracusa, assustado polos os proxectos de reforma política de Platón e vendeuno como escravo no mercado de Exina.
 - Rescatado da escravitude, regresou a Atenas, comprou un terreo e construíu a *Academia*, (que perdurou ata o ano 529 d. C., en que o emperador Xustiniano ordenou pechala).



Época clásica. Platón (427 a.C. - 347 a.C.)

Obras de Platón (ordeadas cronoloxicamente)

1. Diálogos socráticos (influencia de Sócrates)

- *Apoloxía de Sócrates, Ión, Critón, Laques, Lisis, Cármenes, Eutifrón, libro I de A República*

2. Diálogos de transición (con influencia pitagórica)


- *Protágoras, Gorgias, Menón* (estes tres critican aos sofistas), *Eutidemo, Crátilo, Menexeno* (estes tres introducen as primeiras ideas do platonismo maduro) e *Hipias Maior y Menor* (sobre estes últimos hai dúbidas sobre a súa autoría).

3. Diálogos de madurez (385 - 369 a.C., *acmé*) . Aínda que é Sócrates o protagonista, é Platón o que fala.

- *Banquete, Fedón, libros II-X de A República e Fedro*


4. Diálogos de autocrítica (369 - 347 a.C.)

- *Teetetes, Parménides, O Sofista, O Político, Filebo, Timeo, Critias, As Leis, Cartas* (ao menos, as auténticas).




Epistemoloxía e Ontoloxía. Platón (427 a.C. - 347 a.C.)

- Estrutura da realidade. Volta aos presocráticos




Metafísica e Ontoloxía. Platón (427 a.C. - 347 a.C.)

- Heráclito: O devir (mundo en perpetuo cambio)



Epistemoloxía e Ontoloxía. Platón (427 a.C. - 347 a.C.) Teoría das ideas

- Estrutura da realidade platónica.
- Platón «reconcilia» a Heráclito e Parménides



Epistemología e Ontología. Platón (427 a.C. - 347 a.C.). Teoría das ideas.



A relación *ser* - *coñecer*

- Ser: Dúas realidades
- Coñecer: Coñecementos distintos dependendo da realidade.

Platón. Teoría das ideas

“Comprende entón a outra sección do intelixible, cando afirma que nela a razón mesma aprehende, por medio da **facultade dialéctica**, e fai dos supostos non principios senón realmente supostos, que son como trampolíns ata o principio do todo, que é non suposto, e tras aferrarse a el, aténdose ás cousas que del dependen, descende ata unha conclusión, sen servirse para nada do sensible, senón de **Ideas**, a través de **Ideas** e en dirección a **Ideas** ata concluír en **Ideas**.” (A *república*. Libro VI. Platón)

Que son as ideas?


Platón. Teoría das Ideas

- Eidos (forma) > Idea → *Teoría das ideas = Teoría das formas*
- Son conceptos, definicións que se adquiren mediante o **diálogo** que serve para **lembralas** (*Anamnesis*) → Innatismo (as ideas están no noso interior).
- Son **estáticas, verdadeiras, inmutables, eternas e universais**.
- Platón ao longo da súa obra definirá sistemáticamente as ideas de xustiza, beleza, virtude, ben, etc.
- É **racionalista** → Considera que a fonte principal de coñecemento é a **razón** e non os sentidos

A *anamnesis* ou reminiscencia




- Platón afirma que a nosa **alma habitou previamente no mundo das Ideas e alí contempla (coñece) as Ideas.**
- Cando **descende ao mundo sensible e se une ao corpo esquece** o que alí aprenderá.
- Ao contemplar as **cousas como participan** (aseméllanse) das ideas, a **alma as lembra.**
- Polo tanto: **Coñecer = lembrar**

“Así, pois, para a alma, sendo inmortal, renacendo á vida moitas veces, e vendo todo o que pasa, tanto nesta como na outra, non hai nada que ela non aprendese. Por esta razón, non é estraño que, respecto á a virtude e á todo o demais, estea en estado de lembrar o que soubo. Porque, como todo, lígase na natureza e a alma todo aprendeuno, pode, lembrando unha soa cousa, ao cal os homes chaman aprender, atopar en si mesma todo o demais, con tal que teña valor e que non se canse nas súas indagacións. En efecto; todo o que se chama buscar e aprender non é outra cousa que lembrar.” (Platón, *Menón*)




MENÓN
O DE
LA VIRTUD

A dialéctica





Platón. Teoría das Ideas

- Cada cousa / ser posúe a súa idea da que participan (*idea de participación, methexis*)
- A idea = **Esencia**



Platón. Teoría das Ideas

Idea de
árbore



Platón. Teoría das Ideas



Platón. Teoría das ideas

- As ideas teñen categoría ontolóxica = **as ideas existen** → **Mundo das ideas / Mundo intelixible**
- O contrario da idea (eterna e inmutable) é o **fenómeno** (cambiante, aparente e perecedero) → **Mundo fenoménico / sensible**)
- O mundo intelixible é causa do mundo sensible

Pero se o mundo intelixible (eterno e inmutable) é causa do sensible...
Como explica Platón **o cambio** no mundo fenoménico / sensible?

Platón. Teoría das ideas

- Platón **explica o cambio** e a **relación entre o mundo sensible e o intelixible** alegando que os seres / obxectos do mundo sensible son **copias (mímesis)** da **idea** da que participan.



A idea permanece inmutable mentres que **a copia é a que cambia.**


Isto implica que para coñecer o verdadeiro significado das cousas, seres ou valores éticos, etc. hai que buscar nas súas ideas correspondentes non a copia.

Platón. Teoría das Ideas

- De entre todas as ideas a idea de Ben é a suprema (*a idea da idea*)
- A **idea de BEN** é causa do ser e do coñecer = causa da existencia de toda realidade tanto das outras Ideas como do mundo sensible.

Metáfora da luz do sol (idea de BEN) que ilumina todo e posibilita o coñecemento do mundo (*mito da caverna*)

Iluminación da fe (San Agustín)



O comentario filosófico


- **1. Contexto filosófico**
- Presentar o autor → Conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais que influiron na vida e obra do filósofo concreto.
- Tradición filosófica na que se enmarca seu pensamento
- Influencias filosóficas do autor
 - Positivas: segue esa corrente / autor
 - Negativas: Reacción fronte esa corrente / autor
- Desenvolvemento doutras disciplinas (se é pertinente)

Platón. Teoría das ideas

- Resumo

- Continuación das ideas socráticas e reacción contra a sofística epistemolóxica.
- **Eidos (forma) = Idea** → Conceptos, definicións eternas e inmutables → dialéctica
- As ideas existen e están no **mundo das ideas** (mundo intelixible).
- **Aprender = lembrar** → Anamnesis. Mediante a educación axudamos a alma a lembrar.
- Ao mundo das ideas só é accesible mediante a alma (non os sentidos)
- A idea suprema é a do ben
- Cada ser / obxecto sensible posúe a súa idea da que é unha copia
- **Alegoría da liña** (*A república libro VI*) → Divide a realidade e o coñecemento en 2:
 - Mundo Intelixible (das ideas) → *Episteme* (sabiduría) (*dianoia, noesis*)
 - *Mundo sensible (fenoménico)* → *Doxa* (*eikasía, pistis*)
- **Mito da caverna** (*A república libro VII*) → Metáfora da natureza humana

Teoría das ideas. O mito da caverna




Teoría das ideas. O mito da caverna

Resumo:

- O mito da caverna de Platón describe prisioneiros que só ven sombras proxectadas nunha parede, crendo que é a única realidade. Un prisioneiro liberado sae á luz, afaise ao mundo exterior e descobre a verdade. Regresa para compartir o seu descubrimento, pero os seus compañeiros non lle cren e búrtese del, mostrando a súa resistencia ao coñecemento e o seu apego ás aparencias. A alegoría simboliza a viaxe desde a ignorancia (as sombras) ata a sabedoría (o mundo exterior) e a importancia da razón sobre os sentidos para alcanzar o coñecemento verdadeiro, que está no mundo das ideas.

Dualismo antropológico. Platón

- Platón defende un dualismo que divide:
 - **Alma (*psyché*)**: Inmortal e coñecedora do mundo das ideas (necesita lembranzas) → *Anamnesis*.
 - **Corpo**: Mortal, relacionado co mundo sensible.




A alma é a que pode acadar o coñecemento auténtico pero: **que é a alma?**

Dualismo antropológico. A alma.

- É o **motor da vida** e das **funcións cognitivas**.
- A **alma** é a única capaz de **ascender** ao mundo das ideas (os sentidos / corpo non).
- O **medio** para que a **alma** ascenda é a **educación**.
- A educación só é posible gracias aos **filósofos** (porque só eles coñecen a verdade) **que crearán novos filósofos → Deber moral de ensinar**
- Platón entende a **educación** da **alma** non só como unha mera adquisición de **coñecementos** → Engade unha **dimensión ética** que relaciona **comportamento e virtude**.

A alma platónica. Teoría das ideas


- Forte influencia pitagórica.



Inmortal
Natureza distinta ao corpo. O corpo = prisión da alma
Metempsychosis (as almas migran de corpo en corpo ao morrer)
As almas deben purificarse en vida
O número 3 como símbolo de armonía e totalidade

Inmortal
Natureza distinta ao corpo. O corpo = prisión da alma
Metempsychosis (mito de Er)
As almas son xulgadas ao morrer
3 partes da alma:

- Racional (*logos*)
- Irascible (*thymos*)
- Concupiscible (*ephytimia*)



Dualismo antropológico. A alma platónica

- Platón concibe o **corpo** como unha **prisión para a alma**.
- Afirma que a **tarefa** da **alma** é **liberarse do corpo**
- Para liberarse debe **purificarse**. A fonte das impurezas son os apetitos corporais e necesidades sensibles → Debe **controlar os apetitos e as emocións**




Alegoría do carro alado (*Fedro*)



Dualismo antropológico. A alma platónica. Alegoría do carro alado.

- *Alegoría do carro alado (Fedro):*
 - O auriga é a **parte racional** (*logos*), situada na cabeza.
 - O cabalo branco é a **parte irascible** ou da **vontade** (*thymos*) e está no peito
 - O cabalo negro é a **parte concupiscible** ou do **desexo** e está no ventre.
 - Se a parte racional **perde o control** ben dun cabalo ou doutro a alma **descende** (á caverna), do contrario ascende e mantense / alcanza o mundo das ideas.

Utilizando una metáfora, Platón representa la **razón** como un auriga que, para avanzar, debe espolear el caballo blanco de la **voluntad** y frenar el caballo negro del **deseo**.



O Mito de Er. Transmigración das almas.

1. Xuízo das almas

As xustas son premiadas

Paraíso por 1000 anos

As inxustas son castigadas

Inferno por 1000 anos

2. A reencarnación

As almas poden escoller a súa nova vida.
Os xustos: Unha vida mellor
Os inxustos: Unha vida peor

3. Esquecer a vida anterior

As almas deben beber do río *Leteo* (un dos 5 ríos do inframundo que fai olvidar) para esquecer a súa vida pasada




Corrección artículo

Historia da filosofía 2º de Bacharelato

As *fake news*: Un problema social

- ⚠ Hai que introducir o tema central do artigo.
- ⚠ Hai que introducir brevemente ao autor co que se vai a relacionar o tema central
- ⚠ Hai que buscar unha correlación coa actualidade → **Non se trata de soltar o “rollo” e xa.**
 - Coidado coas citas dos autores (pódense malinterpretar)
 - Coidado con certas afirmacións ou xuízos valorativos → Hai que xustificalos
 - Extensión. Coidado coa descompensación entre as partes.
- ⚠ Coherencia na estrutura e contido
 - Exemplos
 - Idioma

A república



A república. A alma platónica. Educación e política.

- A educación (*paideía*) é o **principal cometido do estado**.
- A educación **non é igual** para tod@s en *Calípolis* (estado belo), nome da *polis* utópica de Platón.
- A **división do traballo faise en función das necesidades naturais** (seguridade, goberno, manutención)
- É un sistema **ríxido**. Os cidadáns **non poden cambiar de clase social** xa que están **seleccionados** en función da **parte da alma predominante neles**.



*Tamén chamados *gardiáns perfectos*

A educación na sociedade platónica ideal.

**Gobernantes -
Filósofos***

Ata os 50 anos

1er ciclo: Elemental. Igual que os gardiáns ata os 20 anos. De 20 - 30 anos. Aprenden matemáticas para prepararse para o mundo das ideas.

2º ciclo: 30 - 35 anos. Estudan dialéctica (só aqueles con aptitudes intelectuais). 35 - 50 anos: Tarefas administrativas.

**Gardiáns
(militares)**

Ata os 20 anos. Sin distinción de xénero. Baseada na música e a ximnasia (corpo e carácter).



Produtores

(campesinos, artesáns, etc.)

Non precisan educación. Os seus coñecementos se obteñen a través da práctica

A sociedade ideal platónica. Política.

- A **orixe** do *gobierno ideal de Platón* xorde da **necesidade** dos individuos.
- É **utópica** → Viraxe á realidade en *O Político* e *As Leis*.
- O correcto funcionamento depende de que cada **clase social cumpra coa súa función = harmonía** entre estamentos = **Xustiza**
- Unha sociedade xusta non pode existir sin cidadáns xustos, de aí a importancia clave da **educación** (é necesario coñecer a idea de xustiza previamente).



A sociedade ideal platónica. Política.

- Debe ser **autosuficiente** para evitar o contacto co exterior (inevitable dexeneración da sociedade).
- **Non hai necesidade de leis.** Os gobernantes filósofos saben que facer en cada momento, sen necesidade de leis ríxidas.
- Todos os **bens** son **comúns** incluídas as persoas.
- A recompensa polos servizos é a **manutención**.


Mentalidade grega: **O perfecto cidadán é aquel que renuncia aos intereses individuais polo ben da polis = polo ben común**

Sociedade > Individuo → Política > Ética

Política. Platón.


Aristóteles continúa esta idea da superioridade da sociedade sobre o individuo (**animal político**, *zoon politikón*) tendo o estado un obxectivo educativo e ético.

Teorías políticas clásicas



vs.

Teorías contractualistas



A política. Platón

Prohibida a propriedade privada.
Prohibida a familia.

Comunismo de bens

Por que tanta proibição?

Principais fontes de corrupção
dos estados

Familia (favoritismo cara a familiares)


Propiedade privada

A sociedade ideal platónica. Política.

- Relación **ética - política**, o carácter dos individuos condiciona a sociedade.
- Os cambios de goberno xorden pola **dexeneración** dos anteriores nun **ciclo sin fin** que **só se deterá en Calípolis** (cidade ideal de Platón).
- Platón é **pesimista** e considera que **os estados tenden a dexeneración de xeito natural**.


“Sabes agora, que hai necesariamente outros tantos caracteres de homes como especies de goberno” (*A República* libro VIII)

A república





Política. *A república*. Platón. Tipos de goberno

- Diferencia entre **governos xustos** e **inxustos**.
- Os **inxustos** se caracterizan porque a **parte racional perde a súa predominancia** e non pode controlar un **vicio** que causa a dexeneración.



Política. A timocracia. A *república*.

- É o **gobierno dos militares** (*gardiáns*)
- Xorde cando os gardiáns **usurpan** o poder.
- Inicialmente se basa no honor e a ambición (ben entendida) dos **guerreros**.
- É belicosa e orgullosa.
- A **avaricia** (vicio) causa a súa **dexeneración** en *Oligarquía*.




Política. A oligarquía. *A república.*

- Cuando os guerreiros (e outros) se enriquecen, se corrompen, e o poder se basa no **diñeiro**.
- O goberno é dos ricos e está caracterizado pola **avaricia**.
- É un **goberno feble** e **inestable**:
 - A súa avaricia causa crecentes **desigualdades económicas** = **desigualdades sociais**.
 - A nivel militar os pobres (a maioría) non queren combater, nin os gobernantes (oligarcas) queren darlles armas (por custo económico e medo a insurreccións).
- Chega un momento crítico na que a maioría se **rebela** contra os oligarcas e xorde a **democracia**


Política. A Democracia. *A república.*

- A revolta violenta ou a fuxida dos oligarcas dan lugar a democracia.
- A **falta de moderación / templanza**, a **inclinación polos bens superfluos** (*superfinos*, derivada da **falta de educación**) e a **liberdade sin control** (vicio capital da democracia) fai que a *parte concupiscible* da alma predomine.
- Os seus **efectos negativos** son:
 - Individuo > Sociedade
 - O mérito non é recompensado
 - Falta ou non respecto as leis = **Inxustiza**
 - Falta de educación polo estado.
 - Perda dos valores tradicionais
 - A liberdade extrema = Escravitude




Política. A Tiranía. *A república.*

- A peor forma de goberno e a **máis inxusta.**
- O home tiránico carece de escrúpulos.
- Xorde pola **dominación das pasións e os desexos.**
- O tirano caracterízase pola falta de **moderación extrema** (déixase levar polos seus desexos mentres pode).
- A sociedade **menos libre.**




Política. *A república.*




Política. A aristocracia / monarquía. A *república*.

- É o único **governo xusto** e o único que pode romper o círculo vicioso anterior.
- Aristocracia → *Areté* (virtude) = *Goberno dos virtuosos*
- É unha aristocracia porque só son **elexibles** para gobernar uns poucos e é unha monarquía porque destes poucos só goberna un, por turnos.
- Os filósofos son virtuosos porque coñecen as virtudes no mundo das ideas.
- A partires dos **50 anos** poden ser escollidos como **arcontes perfectos** e **gobernar**.
- O goberno é **por turnos**.
- As súas misión é **defender ao estado** e **preservar a súa unidade interna**



Política. A aristocracia / monarquía. A *república*.

É a aristocracia / monarquía incorruptible? **NON**




Política. *A república.*


Qué críticas lle farías a política de Platón exposta na *República*?




Política. *A república*. Críticas.



Aristóteles: O goberno dos reis - filósofos é utópico. Non a abolición da familia nin a propiedade privada





Karl Marx: Sí o comunismo de bens , non as clases, non á escravitude



Karl Popper: Platón é un precursor do totalitarismo e as sociedades pechadas. O estado controla todo co rey - filósofo como ditador

Política. *A república.* Críticas.




Política. *A viraxe realista: O Político e As Leis*

Por que cres que Platón filosofaba sobre o estado ideal e non sobre a Atenas ideal onde vivía?


Política. *A viraxe realista: O Político e As Leis*

- As súas infortunadas experiencias en Siracusa ten dúas consecuencias:
 - Comprender a **dificultade** de pór en **práctica** o seu **ideal de Estado**
 - A maior **facilidade** de **impoñer o seu ideal** de Estado nun estado con **gobierno unipersoal** (monarquía ou tiranía) que nunha democracia como Atenas.




Política. *A viraxe realista: O Político e As Leis*

- En *O político* vai introducir a figura do **político**, personaxe que coñece e domina a **ciencia da política**.
- O político **nunca pode ser un tirano** xa que as persoas gobernadas escollen seguir as súas leis voluntariamente e sen coacción.
- O político non é unha figura común, senón alguén **excepcional** que non sempre aparece.
- Esta eventualidade fai que as **leis sexan necesarias**.




Política. *A viraxe realista: O Político e As Leis*

- **Si existe** ese político → **Pode crear / modificar leis** preexistentes (as leis non son boas por tradición, nin o respecto a elas debe estar baseado na superstición)
- **Si non existe** → Os gobernantes **deben acatar as leis** preexistentes
- Platón segue pensando que o **ideal debería lexislarse para cada caso concreto**, pero asume a **impracticidade** e a **irrealidade** de tal postura




Política. *A viraxe realista: O Político e As Leis*

- O **estado** é unha auténtica **administración**.
- O estado non existe para **beneficio** dunha clase social ou individuo senón para **todos os cidadáns**.
- A **familia é permitida** baixo certas condicións
- A **propiedade privada é permitida** tamén baixo condicións aínda que Platón todavía considera o *comunismo de bens* como o ideal.



Política. *A viraxe realista: O Político e As Leis*

- Lectura: *O político*.



Política. *A viraxe realista: O Político e As Leis*

- O goberno ideal para Platón e a que o líder é o *político*.
- O político é unha figura excepcional que domina a arte / ciencia da *política*, arte superior as demais artes / ciencias (arte militar, xudicial, etc.)
- As leis poden ser impostas pola persuasión ou a forza.
- A existencia de leis escritas é un *mal menor necesario* xa que non sempre hai políticos capaces.



- Tipos de goberno (non 100% auténticos) según a observación da lei
- Monarquía (mellor) / Tiranía (peor)
- Aristocracia / Oligarquía («*nin fu nin fa*»)
- Democracia= Incapacidade = Inutilidade

Política. *A viraxe realista: O Político e As Leis*

A república


Goberno dos reis - filósofos
Leis escritas non necesarias
A clave é a educación

- ❌ Non Propiedade privada
- ❌ Non a familia

Os gobernos son xustos ou inxustos

Os inxustos seguen un círculo vicioso que só se detén en Calípolis
É utópica

Viraxe realista




O político, As leis

Goberno do *político*
(coñecedor da arte da política)
Leis escritas necesarias xa que o político é excepcional
A educación é importante

- ✅ Sí Propiedade privada
 - ✅ Sí a familia
- Os gobernos se distinguen por observar ou infrixir as leis
Énfase na relixión.
É máis realista

Platón en selectividade.




Platón. Ética e moral.

- É unha ética **teleolóxica** = orientada a un fin (*telos* en grego).
- Non obstante, ese **fin non é relativo** (como pensaban os sofistas) senón **único e universal**.
- Para Platón as normas éticas teñen **carácter universal**, fundamento que **provén da razón humana capaz de coñecer as Ideas que orientan a nosa acción**.
- É **eudemonista** → A súa ética está orientada a **obter a felicidade** (*eudaimonía*).
- O **fin** (*telos*) é a **felicidade**.

Platón. Ética e moral.


- Para Platón a **virtude é o camiño á felicidade.**



Ética e moral. Platón. Alegoría do carro alado (*Fedro*).

- O auriga é a **parte racional** (*logos*), situada na cabeza.
- O cabalo branco é a **parte irascible** ou da **vontade** (*thymos*) e está no peito
- O cabalo negro é a **parte concupiscible** ou do **desexo** e está no ventre.
- Se a parte racional (auriga) **perde o control** ben dun cabalo ou doutro a alma **descende** (á caverna), do contrario ascende e mantense no mundo das ideas.

Utilizando una metáfora, Platón representa la **razón** como un auriga que, para avanzar, debe espolear el caballo blanco de la **voluntad** y frenar el caballo negro del **deseo**.



Ética. Platón. As virtudes.



Platón aplica esta mesma idea a *polis*, na que si cada parte social cumpre coa súa función xorde o equilibrio ou harmonía que da como resultado a xustiza

As 4 virtudes cardinais

- **Prudencia / Sabedoría:** É a capacidade de distinguir o que é bo é malo nunha situación concreta, permitindo tomar a decisión correcta ao individuo.
- **Fortaleza:** Capacidade de afrontar o medo, as dificultades e a dor con serenidade e firmeza.
- **Templanza / Moderación:** Capacidade de controlar os apetitos e manter o equilibrio. Se relaciona co autocontrol.
- **Xustiza:** É o resultado da harmonía das anteriores. Pode ser individual (cando as tres partes da alma están en equilibrio) ou relativa a *polis* (cando as tres clases sociais cumpren coa súa función e se atopan en harmonía).



Platón. Ética e moral. A felicidade

- A **felicidade plena** para Platón é acadable mediante **contemplación plena da idea de Ben**, que só posible na morte xa que o corpo actúa como prisión da alma e, polo tanto, a súa capacidade é limitada.




Platón. Ética e moral. Tipos de praceres.

Ben \neq Placer , Mal \neq Dor. O **placer está subordinado ao ben** \rightarrow A razón debe xulgalos (saúde e armonía de corpo alma). **Non todos os praceres son iguais**. Teñen diferenzas cualitativas.



O equilibrio
está na
mestura
racional



Placeres corporais

- Mundo sensible
- Relacionados cos sentidos e a parte concupiscente da alma
- Aceptables con moderación e “inocencia”

Placeres intelectuais

- Mundo das ideas
- Relacionados coa razón e a parte racional da alma
- O **coñecemento** determina que praceres son bos (saúde, medida, bondade) e malos

Filebo

o del placer, la inteligencia y el bien
Platón




Versión de Patricio de Azcárate

Serie Obras Completas



Platón en selectividade.



Cosmología. Platón.





Timeo

O. DE LA NATURALEZA -
SORATES - CRÍTICAS -
TIMEO - HERMÓCRATES

PLATÓN

Cosmología. Platón.




“En efecto, o mundo é a máis bela de todas as cousas creadas; o seu autor a mellor das causas.” (Platón, *Timeo*)

“Vivimos no mellor dos mundos posibles”

Cosmoloxía. Platón. O *Timeo*

- O escribe cerca dos 70 anos de idade, concebido como unha triloxía (*Timeo* - *Critias* - *Hermócrates*)
- No *Timeo* explica a **formación do mundo material e a orixe do home e os animais.**
- Se cre que comezou a súa elaboración debido o crecente interese polas ciencias naturais na *Academia* e explicar a súa relación coas *ideas*.
- **Timeo** era de *Locri* (*Magna Grecia*) e un **pitagórico** famoso polos seus coñecementos de **astronomía**.
- Platón non comparte o *arché* pitagórico senón que afirma que as cousas “**participan**” dos **números**.




Cosmoloxía. Platón. Existe un deus creador?

- Platón **non nega a existencia dun Deus creador** pero non aporta máis datos

“Ademais, dicimos, que todo o que nace procede dunha causa necesariamente. **Cal é neste caso o autor e o pai deste universo? É difícil atoparlle; e, cando se lle atopou, é imposible facerlle coñecer á multitude.** “ (Platón, Timeo)

Cosmoxía. Platón. O *demiurgo*.

- O **demiurgo** é unha sorte de **razón divina** que opera no cosmos.
- É, en terminoloxía aristotélica, a **causa eficiente** do cosmos.
- **Non** é un deus **creador**. O demiurgo toma **elementos preexistentes** no **caos primordial** e **os ordena** dotándolles dun **fin** e unha **forma**.
- O demiurgo toma como **modelo o cosmos do mundo das ideas** (eterno e inmutable) → Razón (orde, beleza) subordina a materia (caos primordial, desorde, fealdade) dándolle un propósito.
- Este modelo cosmolóxico é **contrario ao de Demócrito** que presenta un cosmos caótico e sen un fin/propósito.




Cosmología. Platón. O *demiurgo*.

Que recolleu o *demiurgo*?

Os catro elementos: Lume, terra, aire, auga.

O principio só lume (para que fora visible o universo) e terra (para que fora tanxible) e despois intercalou aire e auga.

Qué presocrático consideraba o *arché* do universo aos 4 elementos?



Cosmología. Platón. O *Timeo*


- Platón considera os **4 elementos son corpos** e, polo tanto, teñen **forma**.
- Estas formas **derivan** do **triángulo** (escaleno e isósceles) que é a **partícula fundamental do universo**.
- A partir do triángulo se crean as formas dos 4 elementos, sólidos xeométricos regulares coñecidos como os **sólidos platónicos**.
- Cada “molécula” dun elemento ten esa forma específica.

“En primeiro lugar, é do todo evidente que o lume, terra, auga e aire son corpos. Toda figura do corpo tamén ten unha profundidade“
(Platón, *Timeo*)

Cosmoloxía. Platón. O *Timeo*

- Lume → Tetraedro
- Aire → Octaedro
- Auga → Icosaedro
- Terra → Cubo
- Dodecaedro: Súa función no está clara, aínda que se relaciona coa orde do cosmos.

"Ἄγεωμέτρητος μηδεὶς εἰσίτω" ("Que non entre aquí ninguén que non saiba xeometría") (inscripción no dintel da *Academia*)



Cosmología. Platón. Dualidade corpo - alma.

- O demiurgo vai criar o **corpo do cosmos** (**mundo sensible** que está em **perpetuo devir**) seguindo o **modelo do mundo das ideias**.
- A sua forma é **esférica** (forma considerada mais perfeita e mais harmoniosa, símbolo de unidade e totalidade).
- Vaino dotar de **movimento**. Este é **circular** (o perfeito) e **sobre si mesmo**




Cosmología. Platón. Dualidade corpo - alma.

- Ao universo lle **engadirá a alma** (primeira alma no cosmos) que **governa a materia**.
- A alma se coloca no centro do corpo e de aí se estende ao resto. ✓



Para iso vai utilizar **tres ingredientes**: o **ser** (*ousía*), o **mesmo** (*tautón*) e o **outro** (*heteron*).
Cada ingrediente ten unha **doble dimensión**:
Indivisible: É eterna e inmutable
Divisible: No seu devir se transforma en diferentes corpos.



Platón concibe a alma do universo desde o sistema musical grego e os intervalos pitagóricos, cando o *demiurgo* “mestura” os ingredientes



Cosmología. Platón. Dualidade corpo - alma.

- Ser = Idea
- O mesmo = Propiedade pola cal o ser é único, eterno e inmutable. E o mesmo porque nunca cambia.
- O outro = É a multiplicidade e o cambio. Son as cousas sensibles que participan do ser e iso as convirte nos “*outros*”.




Cosmología. Platón. Dualidade corpo - alma.

- Una vez creada a alma do universo a vai **unir co corpo do universo** facendo que o **corpo** do universo se fixese **visible** mentres que a **alma** (racional e eterna) permanecería **invisible**.
- O universo é un **ser vivo** dotado de corpo e alma.



Cosmología. Platón. O *demiurgo*.


- Unha vez “creado” o cosmos, **crea o ceo e os corpos celestes** (terra, lúa, sol e os planetas) e a **esfera das estrelas fixas** (límite exterior do universo).
- As esferas están dispostas en función a **armonía musical**.
- E un modelo é **xeocéntrico** e **xeostático** (a terra está estática no centro do cosmos)



Cosmoloxía. Platón. O *demiurgo*.

- Unha vez creados, os vai **dotar de movemento** en **órbitas circulares** (a distancia é calculada según proporcións xeométricas), coa idea de crear una “imaxe móvil da eternidade”.
- O movemento da esfera das estrelas fixas é cara á dereita e a do resto á esquerda.
- Dese movemento **nace o tempo** que se **mide en números**.

“(O demiurgo) propúxose crear unha imaxe móvil da eternidade, e arranxando ao punto o ceo, fixo da eternidade que está sempre no mesmo punto unha imaxe eterna á que lle demos o nome de «*tempo*» ” (Platón, *Timeo*)




Modelo pitagórico, similar ao de Platón

Cosmoloxía. Platón. O *demiurgo*.

- Despois o demiurgo vai crear as **4 especies de seres**:
 - Divinos: As estrelas fixas. Feitas de lume para que brillen máis.
 - Voadores
 - Acuáticos
 - Terrestres
- Sobre a **orixe** dos **deuses primordiais** (Urano e Gea / Gaia), Platón afirma que **hai que fiarse da tradición** e non aporta nada máis sobre a súa orixe.

“Relatar e coñecer a orixe das outras divinidades é algo moi elevado para nós, hai que fiarse dos que falan anteriormente, posto que son descendentes dos deuses e coñeceron moi ben aos antepasados”
(Platón, *Timeo*)



Cosmoloxía. Platón. O *demiurgo*.

- O demiurgo lle encarga aos **deuses** que **creen aos mortais** (só a parte mortal, é dicir, o corpo a partires dos **catro elementos** usando como modelo a alma inmortal).
- A **alma humana** deriva da alma do universo aínda que é inferior en pureza a provee o **demiurgo** na súa maior parte.

“Unha vez introducida (a alma) por necesidade nos corpos e entrasen e saísen deles, sería necesario, en primeiro lugar, que unha sensación de sentimentos violentos fose natural a todos, en segundo lugar, o amor mesturado co pracer e a dor, e ademais destes, medo e ira, canto lles segue e canto, por natureza, lles é oposto. Se algún día os chegasen a dominar, vivirían na xustiza, pero si estivesen posuídos por eles, o farían na inxustiza” (Platón, *Timeo*)



A que te lembra?

Cosmología. Platón. O *demiurgo*.

Cales foron os primeiros seres humanos na mitología grega?







Cosmoloxía. Resumo



“O tempo orixinouse pois co ceo, para que perezcan xuntos ao ser enxendrados tamén conxuntamente”
(Platón, *Timeo*)


Críticas e influencias de Platón

- Principalmente será a súa teoría das ideas, aínda que algún como Nietzsche criticarán tamén a súa visión ética.



A crítica inmanentista de Aristóteles

- En filosofía:
 - **Inmanencia:** Postura que afirma que as calidades e propiedades dun ser teñen a súa orixe, fin e desenvolvemento no propio ser e non noutro plano de existencia distinto”
 - **Trascendencia:** O contrario.
- Os inmanentistas sosteñen que todo o mundo e a súa existencia está no propio mundo, negando mundos externos a él.




A crítica inmanentista de Aristóteles

- **Aristóteles critica a teoría das ideas** por varias razóns:
 - A primeira é que lle parece unha **duplicación innecesaria** e artificial da **realidade** que **complica** máis a comprensión dela, xa que, entre outras cousas, non explica como desas ideas poden xorder as cousas sensibles. Outras serían as relación entre as ideas e o nº infinito delas resultante ou a **súa incapacidade para explicar o movemento** (cambio).
 - A máis importante é a súa **negación da transcendencia das ideas** que considera insostible. Para Aristóteles **todos os elementos que constitúen a materia son inmanentes a ela.**


Platón e o *neoplatonismo*

- O **neoplatonismo** foi unha corrente de pensamento fundada polo pensador cristiano **Plotino** (205 - 270 d.C.) e **clave** no **desenvolvemento do pensamento cristián** (a trinidad, dualismo corpo - alma, dualismo fe - razón), especialmente en **San Agustín de Hipona**




Platón e o *neoplatonismo*. As *emanacións do UN*.

Platón: Idea de Ben = Idea de Un (Plotino)
Do UN emana todo o demais presente na realidade



Platón e o *neoplatonismo*. A *Trinidade*.

- Idea de Ben (suprema, derivan todas as demais)
- Nous (intelixencia)
- Alma



Atributos para definir a Deus



Deriva na trinidad: Pai, fillo e espírito santo



Influencia en San Agustín de Hipona (354 - 430 d.C)

- **Ideas** (Platón) = Arquetipos (San Agustín de Hipona)
- **Platón**: As ideas son eternas e inmutables situadas noutro plano de existencia das que participan as cousas / seres sensibles. Son o coñecemento verdadeiro só accesible mediante a razón.
- **San Agustín**: Os **arquetipos** son ideas eternas e inmutables que existen **na mente de Deus** e que actúan como modelos / esencias para a creación de todas as cousas. Son o **auténtico coñecemento**, en contraste co mundo sensible en constante cambio. Para **acceder a este coñecemento** é **necesaria** a iluminación divina xa que a razón por sí soa é incapaz




FE > RAZÓN



Influencia en Santo Tomás de Aquino (1224 - 1275)

- Desenvolveu as *cinco vías tomistas* (*Suma Teolóxica*) que pretendían , a partir dun feito empírico, **demostrar racionalmente a existencia de Deus**.
- Na súa **cuarta vía** (*dos graos de perfección*) afirma que todas as cousas / criaturas posúen distintos graos de perfección e isto e así porque **participan** dos atributos dun ser que os posúe na súa maior perfección e ese ser necesariamente debe ser Deus.



Crítica de Nietzsche (1844 - 1900)

- **Nietzsche** era un obstinado **anti-racionalista**, admirador de Heráclito e o seu perpetuo devir.
- Para o alemán, era **imposible e inútil buscar definicións universais e eternas** para un mundo en constante cambio.
- Ademais, Nietzsche é un **vitalista** (defensor da vida “sensible”). Para el, **a idea de mundos suprasensibles é contraproducente xa que só serve para desprezar ao mundo sensible** (Nietzsche falará de Platón e Sócrates como “desprezadores do corpo”) que é o único verdadeiro.
- Nietzsche foi un **crítico acérrimo da moral cristiana** na cal tivo moita influencia de Platón e Sócrates, polo que ambos foron obxectos habituais da súa crítica.

